



Deputación
Pontevedra
Estación Fitopatolóxica do Areeiro

ESTAQUILLAR UNHA CAMELIA



Como se fai nos viveiros



Unha das formas máis rápidas e utilizadas nos invernadeiros para reproducir as camelias é o estaquillado. Para facelo tes que cortar anacos de póla, que non estea moi dura, e deixar unha ou dúas follas na punta.

A parte inferior introdúcese nun produto (hormona de enraizamento) que axuda a que se formen as raíces, que servirán á planta para alimentarse dos minerais e a auga do solo.



Como se trasplanta

1

Bota unha pouca de terra nos tarros



2

Colle unha plantiña con raíces, pona no tarro e bota terra ata que a raíz quede enterrada. Preme a terra.



3

Bótalle unha pouca de auga.



Pona nun lugar protexido do sol, do frío e do vento. Non esquezas regala de cando en vez para que a terra esté sempre húmida.

4

Agora so tés que agardar a que medre e bote flores. Xa tés unha planta de camelia nova que terá flores iguais ás da pranta de onde colliches o primeiro anaco.

